XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Rúa José Gómez Posada - Curros 1. 36203 . Vigo
986 422 974. 986 423 063
http://centros.edu.xunta.es/iesdocastro/
ies.docastro@edu.xunta.es

Erasmus+

# FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO E AXUDAS PARA MATERIAL ESCOLAR (Ligazón)

**Prazo de presentación**: Ata o 22 de xuño de 2021

**Destinatarios:**

- **Fondo solidario de libros de texto:** alumnado matriculado en 1º, 2º, 3º e 4º da ESO; cursos nos que, necesariamente, se manterán os libros de texto do curso 2020/21.
- **Axudas para adquirir libros de texto:** alumnado con necesidades especificas de apoio educativo (NEAE).
- **Axudas para adquirir material escolar:** alumnado matriculado en ESO.
- O alumnado participante no Proxecto de educación dixital (EDIXGAL), está excluído da participación no fondo solidario de libros de texto. Non obstante, poderán solicitar a axuda para adquirir material escolar cando reúnan os requisitos establecidos na orde.

**Formas de presentación:** presencial ou telemática (Manual de usuario)

As solicitudes presentaranse, preferiblemente, a través da aplicación FONDOLIBROS. Unha vez que teñan cubertos todos os datos deberán **gardala**, obtendo así o número de solicitude. Dende FONDOLIBROS, poderán optar polas seguintes formas de presentacion:

- **Presentacion no centro:** Neste caso imprimirán a solicitude e o **anexo II** e presentaranos no centro (debidamente asinados), xunto coa documentación.
- **Presentacion na Sede Electronica da Xunta de Galicia:** A solicitude e a documentación preséntanse telemáticamente e asínase a través da aplicación **fondolibros**.

Para presentar as solicitudes e a documentación no centro haberá que pedir **cita previa**.

**Documentación:** deberá reflectir a situación persoal, familiar e económica a 31.12.2019

- **Anexo I** debidamente cuberto e asinado e **Anexo II** para a comprobación dos membros computables da unidade familiar. Ligazón aos anexos
- **Libro de familia** onde figuren os membros computables.
- **Documento que acredite a custodia** en caso de separación ou divorcio.
- Nos casos especiais (violencia de xénero, discapacidade, tutela da Xunta...) ou se o solicitante non posúe DNI ou NIE, consultar a seguinte ligazón.

## Axudas e fondo de libros:

| | Renda per cápita familiar | | | Calquera renda per cápita | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | ≤ 6.000€ | > 6.000€<br>≤ 10.000€ | ≤ 6.000€ | Tuleta da Xunta | | Discapacidade ≥65% | |
| | Libros de texto | | Material | Libros | Material | Libros | Material |
| **Alumnado con NEAE** | 240€ | 160€ | 50€ | 240€ | 50€ | | |
| **Alumnado ESO** | 6 libros | 4 libros | | 6 libros | | 6 libros ou 275€ | |
| **RENDA PER CÁPITA 2019:** | **Casiñas 435+460 / Membros computables** | | | | | | |

Convocatoria fondo solidario de libros